

CONVOCATORIA DE COMUNICACIÓN

TERCEIRAS XORNADAS DE LITERATURA, CULTURA E TRADUCCIÓN ARTÚRICA

Proxecto CLYTIAR

Cultura, literatura e tradución iberoartúrica

Universidade de Valladolid / Campus de Soria

Soria, 17 e 18 de novembro de 2016



Acéptanse propostas de comunicación, de media hora de exposición e debate, que presenten tanto un obxecto de estudo prioritario focado cara á tradición artúrica ibérica ou que se ocupen desta temática dalgún xeito, aínda que se deteñan nun contexto máis xeral. As propostas débense enviar adxuntas ao seguinte enderezo de correo electrónico: zarandona@lia.uva.es. Deben conter un título, un resumo dunhas 300-500 palabras e os datos de contacto fundamentais da persoa ou persoas que as presenten. Data límite: 31 de agosto de 2016.

Non hai cota de inscrición, aínda que é preciso ser membro de Clytiar. Para máis información, pódese consultar: www.clytir.org. Facerse membro de Clytiar é gratuíto, non se adquiren compromisos e é posible en calquera momento.

Acéptanse como linguas oficiais todas as ibéricas con tradición artúrica (portugues, español, catalán, éuscaro, galego e asturiano, entre outras posibles), así como francés, inglés e alemán.

A focaxe é multidisciplinar (literatura, arte, historia, etc.) e sen límites temporais, dende a Idade Media ata o noso presente do século XXI.



O obxectivo final das Xornadas é a publicación dun novo Caderno Artúrico de Clytiar que se vai presentar á editorial Prensas Universitarias de la Universidad de Zaragoza.

Vaise organizar unha excursión á ruta dos castelos medievais da fronteira do río Douro pola provincia de Soria.

Para as persoas interesadas que non poidan desprazarse á cidade de Soria, acéptase o envío de gravacións das comunicacións, que se exhibirán durante o tempo de duración das Xornadas.

Ilustracións: *O ascenso ao Grial* (s.d.); *Kundry* (s.d.). Mariano Fortuny Madrazo (1871-1949). Ciclo Wagnerián. Parsifal.